



Formación na información

Sesiões de busca,
procesamento e
presentación para
realizar traballos
escolares

APRENDE A FACER E PRESENTAR OS TEUS TRABALLOS

NESTE NÚMERO

A formación na información

As sesións de formación na información consisten en varias xornadas dedicadas a aspectos básicos para organizar e presentar traballos escolares de calidade.

A miúdo caemos en certos erros á hora de facer traballos, e tamén descoñecemos recursos para que sexan bos nos seus contidos e destaquen positivamente pola súa presentación. Aprenderemos a mellorar a nosa aprendizaxe e rendemento e a producir traballos de maior calidade.


Que erros son frecuentes?

- 👉 Coller a información de fontes non fiables.
- 👉 Copiar a información sen procesar nin personalizar.
- 👉 Non citar as fontes de información.
- 👉 Cometer faltas de ortografía e outros erros na escrita.
- 👉 Usar fotografías mal escollidas e/ou de baixa calidade.
- 👉 Presentar traballos con mala maquetación ou presentación (sen numeración de páxinas, sen portada, índices, bibliografía...)



Como podes mellorar?

- 👉 Buscando a información en sitios fiables.
- 👉 Seleccionando, resumindo, adaptando a información.
- 👉 Facendo unha relación de fontes utilizadas.
- 👉 Usando correctores, dicionarios, tradutores...
- 👉 Seleccionando imaxes pertinentes e de boa calidade.
- 👉 Usando programas ou recursos para elaborar presentacións ou de edición de textos.



Que atoparemos nas sesións?

En sete sesións trataranse distintos aspectos: procesadores de textos, buscas en internet e na biblioteca, programas e recursos para presentacións, selección de imaxes, correctores, tradutores...



Quen pode participar?

Calquera persoa da comunidade educativa do IES Lois Peña Novo pode participar neste programa de formación de usuarios e educación informacional da nosa biblioteca.

AS SESIÓN E OS TEMAS



S1. Facer buscas na internet

Aprenderemos dun xeito rápido e eficaz a mellorar o noso sistema de busca na rede, empregando distintos buscadores e trucos que garantan uns resultados óptimos. Buscaremos información fiable, imaxes de calidade e con licencias CC...

S3 e S4. Programas e recursos para facer presentacións I e II

Mediante programas como Power Point e outros de carácter libre, aprenderemos a facer presentacións atractivas e organizadas. Tamén coñeceremos recursos online como Prezi, Glogster e Koowall.

S6. Elaboración dunha bibliografía

Cando se remata un traballo de investigación é necesario achegar os datos das fontes consultadas. Nesta sesión aprenderemos a elaborar de forma axeitada unha bibliografía, tendo en conta a orde e os elementos que deben aparecer nela.



S2. Facer buscas na biblioteca

Coñeceremos o manexo do programa MEIGA online para poder consultar os fondos e os empréstitos da nosa biblioteca. Ademais, aprenderemos a usar a CDU, a ordenación alfabética, e as normas e características da nosa biblioteca para que o uso da biblioteca física sexa doado e organizado.

S5. Como sacarlle partido ó procesador de textos

O procesador de textos ten moitas aplicacións que poden axudar a mellorar a imaxe dun traballo, así como a sacarlle rendemento ó noso esforzo. Aprenderemos a facer unha portada, a crear un índice, a inserir diagramas ou imaxes, a utilizar o corrector... Todo o necesario para presentar ben os traballo.

S7. Tradutores, dicionarios e outros recursos

Veremos cales son as mellores ferramentas online que nos poden axudar a resolver dúbidas, tanto de tradución como de gramática: tradutores, correctores, dicionarios...

Quen, como, cando?

As sesións desenvolveranse nos recreos, nas horas de titoría, atención educativa ou en colaboración co profesorado das distintas materias. As persoas ou grupos que estean interesados deberán consultar na biblioteca as datas e os horarios dispoñibles.



Anímate a participar!

Haslle sacar proveito!

MÁIS INFORMACIÓN

Biblioteca IES Lois Peña Novo
 biblio.lpn@gmail.com
 Telf. 982.51.09.51

<http://www.facebook.com/iesloispenanovo>

